

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACION DA EXECUCION DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN E PEDAGÓXICO “ APRENDE XOGANDO” 2014. ELABORACIÓN CADARO FINAL PUNTUACIÓN E SELECCIÓN OFERTAS

Sendo as 13:30 horas do día 29 de abril de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Sonia Méndez García, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, actuando como vocais, dona Esther Muñoz, polo Grupo Municipal Socialista; don Juan Carlos Plaza Gómez, polo Grupo Municipal Popular; dona Paz Abreira polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego; Marcial Rodríguez Toajas, Interventor do Excmo. Concello de Lugo; dona Ana I. Saez Mancebo, letrada asesora do Concello e actuando como secretario don Xosé Manuel Cao Rei, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento.

Asisten a este acto público dona Belén Gavin Bermudez, en representación da mercantil SERVIPLUS TOTAL S.L.U. e dona Victoria Silvarey Rodriguez, en representación da mercantil FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte do Secretario a informar aos membros da mesa que realizadas as comprobacións, acordadas polos mesmos segundo consta na acta da mesa de contratación celebrada o día 23 de abril, ningunha das ofertas debe ser considerada anormal ou desproporcionada segundo o prego de cláusulas administrativas particulares.

A continuación os membros da Mesa proceden a elaborar o cadro das puntuacións finais obtidas polas mercantis tendo en conta os criterios de avaliación recollidos na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativa que rexiu a licitación de referencia (criterios avaliados automaticamente e criterios non valorables automaticamente):

	Sobre B (calidade no programa educativo)	Sobre B (calidade no emprego)	Sobre C (oferta económica e criterios avaliados automaticamente)	PUNTUACIÓN FINAL
SERVIPLUS TOTAL, S.L.U	5	3,01	46,92	54,93
FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL	2,5	0	73,73	76,23
A BILLARDA S.L	10	7,5	33,43	50,93
ALENTI SOLUCIONES,S.L	0	0,26	61,61	61,87

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: APRENDE XOGANDO-OCIOTECAS

Asunto: Acta lectura elaboración cadro final puntuación e selección oferta

A vista do cal os membros da mesa acordan seleccionar como oferta economicamente mais vantaxosa ó alcanzar a maior puntuación, á presentada pola mercantil FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL.

Asimesmo acordan requirir á sinalada mercantil, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, presente a documentación sinalada na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas; así como ter constituída unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:00 horas no lugar sinalado no encabezamento

A PRESIDENTE,

Asdo.: Sonia Mendez García



O SECRETARIO,

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei